

DOMINGO XVII ORDINARIO (B)

PRIMEIRA (2 Re 4, 42-44)

Lectura do libro segundo dos Reis

Daquela chegou de Baal-Xalixah un home, que lle traía ó home de Deus o pan das primicias: vinte pans de cebada e trigo novo na alforxa. Eliseo díxolle: - "Dállos á xente, e que coman". O seu servidor preguntoulle: - "¿Que é isto para cen persoas?". A iso Eliseo respondeu: - "Dállos á xente, e que coman, pois isto di o Señor: comerán e sobrará". El serviullos á xente, que comeu; e aínda sobrou, conforme a palabra do Señor.

SALMO RESPONSORIAL Sal 144, 10-11. 15-16. 17-18

R/. (cf. 16): **Abres ti, Señor, a túa man e dásnos fartura.**

Que te loen, Señor, as túas obras,
e te bendigan os teus amigos.
Que pregoen a gloria do teu reino,
e falen do teu poder.

Os ollos de todos están postos en ti,
e dáslle-lo sustento ó seu tempo.
Abres ti a túa man,
e dáslle fartura a todo ser vivo.

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,
e santo en tódalas súas obras.
O Señor está cerca dos que o chaman,
dos que o chaman con sinceridade.

SEGUNDA LECTURA (Ef 4, 1-6)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Efesios

Irmáns: Eu, preso polo Señor, pídivos que camiñedes segundo a dignidade da vocación que recibistes, con total humildade, mansedume e paciencia, aturándovos uns a outros con amor, esforzándovos por mante-la unidade do espírito no vínculo da paz. Hai un só corpo e un só Espírito, do mesmo xeito que se vos chamou a unha única esperanza na vosa vocación. Hai un só Señor, unha soa fe, un só bautismo, e un só Deus e Pai de todos, que está sobre todos, por todos e en todos.

EVANXEO (Xn 6, 1-15)

Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán

Naquel tempo, foi Xesús á outra banda do Mar de Galilea (o de Tiberíades). Seguía unha chea de xente, porque viran os sinais que facía nos enfermos. Subiu Xesús ó monte e sentou alí cos seus discípulos. Estaba a chega-la Pascua, a festa dos xudeus. Levantou a vista Xesús e, vendo vir tanta xente cara a el, díxolle a Filipe: - ¿Onde imos mercar pan, para que coma esta xente? (isto dicíao para tantealo, que el ben sabía xa o que ía facer). Respondeulle Filipe: - Nin medio ano de xornal chega para que cada un deles reciba un codelo. Un dos seus discípulos, Andrés, o irmán de Simón Pedro, díxolle: - Hai aquí un rapaz que ten cinco bolos de pan de cebada e dous peixes; pero, ¿que é iso para tantos? Xesús ordenou: - Facede senta-la xente. Había moita herba naquel sitio. E sentaron como uns cinco mil homes. Entón colleu Xesús os pans e, dando gracias, repartiu ós sentados canto quixeron; fixo o mesmo cos peixes. Cando se fartaron, díxolles ós seus discípulos: - Recollede os anacos sobrantes, para que non se estrague nada. Entón xuntáronos e encheron doce cestas cos anacos dos cinco bolos de pan de cebada, que lles sobraran ós que comeron. Ó veren aqueles homes o sinal que fixera, dicían: "Este si que é o profeta que había de vir ó mundo". Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para proclama-lo rei, retirouse outra vez ó monte el só.